

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE AGOSTO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en segunda convocatoria, o día catorce de agosto deste ano, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Primeiro Tenente de Alcalde, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, en funcións de Alcalde, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concalleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Xefa do Servizo de Medio Ambiente, dona Carmen Flores Pardo, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE URBANISMO

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acordouse conceder licenza para as seguintes actuacións: segregación de parcela matriz sita no polígono 433, parcela 33, San Salvador de Muxa, cunha superficie de 28.921 m², en dúas parcelas; reforma de cuberta e medianeiras, no edificio con licenza número 207/47, sito na rúa do Trevo, número 12; instalación dun ascensor no edificio sito na rúa Pintor Pacios, número 16; substitución completa de ascensor no edificio sito na rúa Primavera, número 6, ronda das Fontiñas, número 126; reforma e ampliación de edificio de vivendas, composto de planta baixa para locais sen uso definido, entresollado, catro plantas altas e aproveitamento baixo cuberta para un total de catro vivendas, no edificio coas licenzas números 841/70 e 242/88, sito en solo urbano na rúa Camiño Verde, número 16 - rúa Revista Ronsel e instalación dun ascensor no edificio sito na rúa Celestino Fernández de la Vega, número 3.

2.- PLANEAMENTO.- Acordouse aprobar o proxecto de modificación do artigo 27.4 da Ordenanza municipal de supresión de barreiras arquitectónicas.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3.- PERSOAL.- Acordouse proceder ao nomeamento dun oficial condutor do Excmo. Concello de Lugo.

Así mesmo, acordouse proceder ao recoñecemento de servizos extraordinarios realizados por persoal do Servizo de Extinción de Incendios e aprobar a forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	16/08/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	xMFwqg0qEQ5KyjSKzySiqg==	PÁGINA	1/2



xMFwqg0qEQ5KyjSKzySiqg==

ACTAS E GOBERNO

CFP/cal

Refª: 13extractoxg40

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-8-2013


4.- CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acordáronse as seguintes actuacións:

- Contratación dun servizo de comidas ós usuarios do Centro de Día “Novo Antonio Gandoy” 2013. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e da adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de contratación.
- Contratación da subministración e instalación de alumeado en diversas rúas durante San Froilán, 2013. Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, do prego de condicións técnicas de iluminacións festivas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de adxudicación.
- Revogación do acordo de resolución da autorización para a concesión da ocupación de dominio público coa instalación de casetas e caldeiros de polbo, durante as festas de San Froilán, pola falta de pagamento en prazo das correspondentes taxas, en relación co caldeiro número 2.
- Contratación da realización de estudos e propostas técnicas sobre a praza de abastos, a redacción dun proxecto de obra, dirección de obra e coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución das obras de rehabilitación da praza de abastos, cun 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional (po Feder Galicia 2007-2013). Proxecto 12ur4002 Urban praza de abastos e proxecto 13ur7001 urban auditoría e medidas de eficiencia enerxética.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:xMFwqg0qEQ5KyjSKzySiqg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	16/08/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	xMFwqg0qEQ5KyjSKzySiqg==	PÁGINA	2/2


xMFwqg0qEQ5KyjSKzySiqg==